

**ACTA DA SESIÓN NÚMERO 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE 2024/C003/000002
(PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO)**

**AMPLIACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN CON MBQ NUN TRAMO DO CAMIÑO OS
MARTIÑOS-CRUCÉ A HEDRREIRA
2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2023**

LUGAR: Casa do concello
DATA: 22/05/2024
HORA DE COMEZO: 09:38 h.
HORA DE REMATE: 12:21 h.

ASISTENTES:

Presidente: Don Emilio Souto Iglesias, concelleiro de Servizos, Emerxencias e Obras

Vogais:

- Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis, vogal titular
- Dona María Fajardo de Andrade Vázquez, técnica de intervención, vogal titular
- Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa, vogal titular

Secretaria: Mónica Gesto Nieto, administrativa

DELIBERACIÓNS E ACORDOS:

**APERTURA DOS SOBRES B ("DECLARACIÓNS, COMPROMISOS E REFERENCIAS
TÉCNICAS") E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

Segundo a información subministrada pola Plataforma de Contratos do Sector Público presentaron, dentro do prazo establecido no anuncio de licitación, ofertas os seguintes licitadores:

EMPRESA	CIF	DATA PRESENTACIÓN
CANARGA, S.L.	B15360902	20-05-2024
COSMALCA, S.L.	B15121783	20-05-2024
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	B15009533	20-05-2024
HORDESCON, S.L.	B32108334	20-05-2024
MANTIDO SL	B15819642	20-05-2024

Procédese ao descifrado e apertura dos sobres B, que conteñen a declaración responsable formulada segundo do modelo recollido na cláusula 12.B.1 do PCAP e as referencias técnicas

Realízase a cualificación da documentación administrativa co seguinte resultado:

EMPRESA	DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA
CANARGA, S.L.	Correcta
COSMALCA, S.L.	A declaración responsable presentada polo empresa está referida a unha obra diferente á que é obxecto de licitación
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	Correcta
HORDESCON, S.L.	Correcta
MANTIDO SL	A declaración responsable presentada polo empresa está referida a unha obra diferente á que é obxecto de licitación

As declaracións responsables presentadas pola empresas Cosmalca, SL e Mantido, SL son asinadas ambas por D. Martín Castiñeira Pérez, en calidade de administrador das mesmas. Ambas declaracións teñen exactamente o mesmo erro respecto da denominación da obra, xa que se están a referir a outra diferente á que é o obxecto de licitación, e ambas teñen a mesma tipografía coa diferenza do logo.

Co fin de poder comprobar o cumprimento do requisito de presentación dunha única proposición por licitador, e poder analizar se se trata dun suposto de conduta colusoria, a Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** requirir a ambas empresas para que, nun prazo de tres días naturais a contar desde a recepción do correspondente requirimento, presenten no Rexistro Electrónico do Concello a seguinte documentación:

- Aclaración sobre o vencellamento existente, se o houbera, entre as dúas empresas, e se ambas actúan baixo unha dirección única
- Declaración responsable na que se corrixa o erro existente no tocante á denominación da obra.

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e eu redacto esta acta que asinan electronicamente, na data sinalada xunto as sinaturas electrónicas, todos os membros da Mesa.